

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas de formación complementaria no sector sociosanitario da "Cátedra SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA" dirixida ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2021/2022

A Cátedra SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA ten como obxectivo promover o desenvolvemento de actividades no sector sociosanitario das persoas maiores, co fin de potenciar unha formación continua, mellorar a capacitación, ampliar e actualizar os coñecementos, técnicas e habilidades para adaptalos ás necesidades do sector, fomentar a innovación e investigación nas áreas de actuación básicas deste sector.

Para o cumprimento de tal obxectivo a Cátedra quere ofrecer ao estudantado da universidade bolsas de formación complementaria para desenvolver actividades que contribúan á súa formación integral no sector sociosanitario.

Vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **2** bolsas de formación complementaria no sector sociosanitario da "Cátedra SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA", que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta de recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Páxina 1



CSV : GEN-fb71-cb2f-b802-d5ce-edac-fcc2-590c-8846

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 29/03/2022 13:46 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000029

CSV

GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2022 09:26:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSA DE FORMACIÓN NO SECTOR SOCIOSANITARIO DA
"CÁTEDRA SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA"

1. OBXECTO

O obxecto das bolsas é fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudiantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado no curso 2021/2022 en:

- Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- Grao en Fisioterapia
- Grao en Enfermería
- Mestrado en Dirección Integrada de Proxectos
- Mestrado en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde

b) No caso de matrícula en titulacións de Grao **ter superados o 50% dos créditos**. Para estes efectos terase en conta o estado de expediente o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas cales concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. PLAN FORMATIVO

a) Obxectivos

- Integrarse no funcionamento dun centros socio-sanitario orientados aos adultos maiores.
- Aplicar diferentes propostas de intervención física no colectivo de adultos maiores.

b) Competencias a adquirir

- Elaboración e aplicación de novas propostas de intervención físicas no adulto maior.
- Fomento da participación activa dos adultos maiores nos diferentes programas a desenvolver.
- Dinamización e elaboración de contidos nas redes sociais dos programas a desenvolver e noticias da Cátedra: Facebook, Twiter, Instagram etc.
- Dinamización e difusión do concepto de deporte saudable para os adultos maiores
- Impulso do intercambio de experiencias entre os distintos residentes.
- Deseño e posta en funcionamento de programas de dinamización dentro do centro.
- Educación e sensibilización en materia de xénero para crear contornas de igualdade.

c) Titor/a responsable:

A persoa bolsreira estará baixo a titoría de José María Cancela Carral, presidente da Cátedra SARAIVA, ACTIVIZA e ENVITA, quen se responsabiliza da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento do plan formativo.

Páxina 2



CSV : GEN-fb71-cb2f-b802-d5ce-edac-fcc2-590c-8846

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pdf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 29/03/2022 13:46 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000029

CSV

GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2022 09:26:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

d) Seguimento e avaliación da formación:

A persoa bolsreira deberá entregar á persoa titora unha memoria das actividades realizadas e unha memoria final de acordo co establecido no punto 10 desta convocatoria.

4. INCOMPATIBILIDADES

O disfrute da bolsa de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou co subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período, e entre elas coa bolsa de colaboración cos departamentos universitarios do MEFP.

5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

A duración máxima do período formativo será de 3 meses, e non se iniciará antes do **1 de xuño do 2022** e finalizará non máis tarde do **31 de setembro do 2022**.

O número de horas de colaboración será de **15 horas** semanais. Realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva do bolsreiro/a, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro*, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

As persoas bolsreiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolsreiro ou bolsreira aos cadros de persoal da universidade.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas irán con cargo a aplicación orzamentaria 2022 0012 111LCSA 482.99 e ascenden a un máximo de **2.500€** (2.160€ pola dotación bruta das bolsas e de 311,46€ en concepto de cota patronal) para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual será como máximo de **360€/mes**. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza na normativa vixente nestas materias.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante unha transferencia á conta bancaria que sinala a persoa bolsreira na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional da bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá ningunha axuda.

Se a actividade desenvolta pola bolsreira/o en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificarlo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

Páxina 3



CSV : GEN-fb71-cb2f-b802-d5ce-edac-fcc2-590c-8846

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 29/03/2022 13:46 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000029

CSV

GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2022 09:26:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9608, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, poñendo no **Asunto** “*bolsas de formación Cátedra Saraiva*” achegando unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías. O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emenda a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **21 de abril de 2022** ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude.

3. De ser o caso achegarán a seguinte documentación ó formulario en liña (non hai que subir a documentación a sede electrónica):

- Documentación acreditativa dos cursos relacionados co plan formativo

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

Páxina 4



CSV : GEN-fb71-cb2f-b802-d5ce-edac-fcc2-590c-8846

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pdf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 29/03/2022 13:46 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000029

CSV

GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2022 09:26:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

- Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do sistema universitario galego establecido na Resolución do 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro): **máximo 4 puntos**

- Nota media das seguintes materias superadas, directamente vinculadas ao plan formativo: **máximo 4 puntos**

$$\text{Nota media exp.vinculado} = \frac{\sum (\text{Calificación} \times \text{Nº créditos/materia}) + 0,11 \times \text{materias superadas}}{\text{Nº créditos totais}}$$

- *Ejercicio físico para personas mayores*
- *Novas tendencias do exercicio físico en adultos maiores con patoloxías*
- *Xerontoloxía e actividade física*
- *Programas de exercicio físico e benestar*

- Cursos relacionados co plan formativo: **máximo 2 puntos**

A comisión de avaliación está composta por:

Presidente: José María Cancela Carral, profesor titular de universidade da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Vogais:

- Lucía Saborido Piñeiro, xerenta de Saraiva
- Ricardo Fra Otero, xerente de Activiza
- María Elena Vila Suárez, profesora titular de universidade da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
- Carlos Souto Otero, profesor titular de universidade da Escola de Enxeñaría Forestal

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada coa mención da causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta ó reitor quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a listaxe de persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou.

Páxina 5



CSV : GEN-fb71-cb2f-b802-d5ce-edac-fcc2-590c-8846

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pdf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 29/03/2022 13:46 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000029

CSV

GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2022 09:26:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, para producir os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

O alumnado con bolsa concedida deberá enviar á Sección de Bolsas (bolsasformacion@uvigo.es) no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva a seguinte documentación para os efectos da alta na Seguridade Social:

- Modelo TA2 (Seguridade Social)
- Modelo 145 (IRPF)

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa.

A persoa bolseira presentarse no lugar, día e hora que lle indique a persoa titora mediante unha comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

A renuncia voluntaria unha vez iniciada a bolsa, deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/>, cun mínimo de 15 días de antelación á data en que se efectuará a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.

Páxina 6



CSV : GEN-fb71-cb2f-b802-d5ce-edac-fcc2-590c-8846

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 29/03/2022 13:46 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000029

CSV

GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2022 09:26:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para cumprir por aquela as obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)

Páxina 7



CSV : GEN-fb71-cb2f-b802-d5ce-edac-fcc2-590c-8846

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER | FECHA : 29/03/2022 13:46 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000029

CSV

GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

30/03/2022 09:26:05 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-5aa3-c56d-be0a-4eb5-bba2-e8d6-7ae4-192a